

# ANA BACALHAU

NOVO FADO

## ARTISTA/BANDA

A tan querida e recoñecida voz de Deolinda emprende agora carreira en solitario despois dunha década nesta formación, e de compartir escenario tamén con Gaiteros de Lisboa, Sérgio Godinho, Xutos & Pontapés, António Chainho, Pedro Abrunhosa, Ana Moura...

No 2013 participou na iniciativa da ONU de interpretar o tema "One Woman", entroutras 25 cantoras, incluíndo a Concha Buika, Bebel Gilberto e Rokia Traoré, e xa en decembro dese ano canta en solitario. Agora, dous anos despois, presenta o seu primeiro proxecto en solitario, *Nome Próprio*. Sentiu a chamada a lanzarse en novas direccións e darlle voz a temas propios e aos de outrxs autorxs.

## O ESPECTÁCULO

"Teño bechos carapinteiros. Tive a idea de pintar un sorriso na cara para ninguén notar que algo me moía por dentro. Resultou e alá fun eu, sempre cos meus bechos carapinteiros a roérenme as entrañas. Houbo un día en que pediron un palco para si. Dei ao resultado deste traballo o título de *Nome Próprio*. Para iso, contei coa preciosa axuda de queridos e talentosos amigos, que entenderon aquilo que quería dicir. (...) A procura é un tema recorrente en boa parte das letras que canto. (...) Non sabería contar a miña historia de vida tan ben como a Capicua (Ana Matos Fernandes, "Capicua", de Mão Verde), que me entregou un pedazo de letra tan biográfico, en "A Bacalhau", que parece que me coñece desde que nacín. Mais non quería que este traballo reflectise só o meu embigo, senón poder continuar a dar voz a experiencias que se poden dicir universais, como o "Ciúme", de Miguel Araújo, a "Dama da Noite", de António Zambujo e João Monge, "Maria Jorge", da Márcia, "Morreu Romeu", de Nuno Figueiredo, "Debaixo da Mosca", do Carlos Guerreiro ou "Para Fora", da Francisca Cortesão. Dise traballo "en solitario", pero a verdade é que "sozinhos" nunca facemos nada que importe", di Ana Bacalhau, unha das máis aclamadas intérpretes portuguesas. *Nome Próprio* chega para alegría da súa lexión de fans a todos os palcos.

[www.culturactiva.org](http://www.culturactiva.org) ➔



### FICHA ARTÍSTICA

Voz: Ana Bacalhau

Luís Figueiredo: piano, teclados

Luís Peixoto: cavaquinho, bouzouki, banjo

Zé Pedro Leitão: contrabaixo, baixo

Alexandre Frazão: batería, percusión

Duración: 75 minutos

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)